


TEMA 6. - COMENTARIO DA FACHADA OCCIDENTAL DA CATEDRAL DE REIMS

a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Fachada occidental (principal) da Catedral de Reims. Edificio relixioso do Gótico francés pertencente ao Gótico clásico, período de esplendor, que é cando se constrúen as principais catedrais francesas (Reims, Chartres, Amiens...) e españolas (León, Burgos, Toledo...). Século XIII. Localización: Reims (Francia). Material: pedra.

c.- Analiza e comenta a obra: a Catedral de Reims recibe o nome de Notre-Dame (Nosa Señora) porque está dedicada á Virxe María.



A súa **planta** é de cruz latina, como no Románico, pero con destacadas innovacións: o presbiterio acada máis profundidade; presenta tres naves tanto no brazo maior como no transepto; este último sitúase máis abaixo que nas igrexas románicas, é máis curto e máis ancho e sobresa da planta na parte inferior pero non na superior, pois o brazo maior continúa despois do transepto con cinco naves. Presenta una cabeceira enorme, cun deambulatorio no que se abren cinco absidiolos semicirculares (o central moi profundo).

Exteriormente a Catedral de Reims vista no seu conxunto adquire un aspecto monumental sobresaíndo con respecto ao resto dos edificios urbanos, especialmente pola súa verticalidade e lixeireza. Por calquera parte pola que abordemos unha Catedral gótica atopamos unha profusa decoración (horror vacui): trazarías, pináculos: remates situados enriba dos contrafortes, que teñen un sentido decorativo e construtivo (este último porque afianzan o contraforte no chan), e axudan a potenciar a verticalidade do edificio; cresterías: especie de pinchos cos que rematan gabletes, frontóns, agullas, pináculos... Por enriba dos arcobotantes soen ir canles (para conducir a auga que cae desde os tellados ata o chan) que rematan en figuras de animais fantásticos chamadas gárgolas a través de cuxas bocas a auga cae ao chan; as gárgolas aparecen tamén noutras zonas do exterior das catedrais.



A portada presenta a distribución característica das fachadas góticas, sobre todo do gótico clásico ou radiante do século XIII:

A fachada responde ao clásico esquema de H que adquiren as catedrais góticas francesas no s. XIII, con dúas torres en terraza (con remate plano) flanqueando a fachada, unha división vertical en tres rúas e división horizontal en 3 pisos, dos que sobresaen as torres laterais.

O primeiro piso é moi orixinal. Consta de tres portas abocinadas de arcos apuntados, con máis arquivoltas que no Románico, co cal adquiren maior profundidade. Isto fai que se multiplique a decoración escultórica, tanto nas arquivoltas como no parteluz da porta central ou as estatuas-columnas das xambas, nas que podemos observar o célebre grupo da Anunciación e a Visitación,



cumio das innovacións da escultura gótica do momento. Os tímpanos son substituídos por vidreiras, mentres que o tema principal pasa a desenvolverse por enriba da porta, enmarcada por gabletes. Esta colocación do motivo escultórico principal das portas é peculiar de Reims. As esculturas de Reims mostran un cambio na sensibilidade relixiosa, xa que o naturalismo irá gañando forza e as figuras irán liberándose do seu marco arquitectónico e comezarán a expresar sentimentos dunha maneira que nada ten que ver coa escultura románica.

En canto ao programa iconográfico, aparecen temas recorrentes da escultura medieval, como a Crucifixión e o Pantócrator das portas laterais. A portada central, en cambio, está presidida por un grupo escultórico que presenta a Coronación da Virxe, que podemos entender simbolicamente como a unión entre a Igrexa (representada pola Virxe) e Deus. Os temas iconográficos marianos presentes na portada fálannos do aumento da devoción relixiosa cara a figura de María como Nai do Señor e catálogo de

virtudes. Unha devoción que foi defendida por figuras como o cisterciense Bernardo de Claraval, e á que contribuíu a difusión de lendas apócrifas sobre a vida da Virxe e dos Santos.

No segundo piso vemos na parte central un grande rosetón con gablete e, nas laterais, arcos apuntados con decoración de trazaría e nichos con estatuas que rematan os contrafortes que refozan a estrutura interior do edificio. No terceiro, finalmente, atopamos unha galería de arcos apuntados que albergan estatuas de reis. Presidindo esta galería real aparece o bautismo de Clodoveo, primeiro rei dos Francos, flanqueado polos seus sucesores. Esta galería simboliza a unión do poder relixioso e o da monarquía, que aparece exaltada no mesmo lugar onde tiña lugar a cerimonia da Consagración dos reis de Francia.

Por último, a decoración das torres, coa súa combinación de trazarías e entrantes e saíntes, responde a un momento posterior, o que se pode ver no complicado perfil da torre e a multiplicación das trazarías.

ROSETÓN

